

1.2. Principais indicadores económicos

Para medir a actividade económica dun colectivo dado (unha cidade, un país, o mundo...) fixarémonos en distintos **aspectos** da súa realidade socioeconómica (como pode ser o emprego). Para isto utilizaremos distintos **indicadores** numéricos xa definidos na linguaxe económica internacional.

| ASPECTOS | INDICADORES ECONÓMICOS | |
|--------------------|--|---|
| Produción | PIB Segundo distribución sectorial (S.I, S.II e S.III) | CONSUMO PRIVADO GASTO PÚBLICO |
| | | INVERSIÓN PRIVADA INVERSIÓN PÚBLICA |
| | | Comercio exterior: EXPORTACIÓNS (+) IMPORTACIÓNS (-) |
| | | Balanza comercial: déficit ou superávit |
| Emprego | TAXA ACTIVIDADE Segundo: -Distribución sectorial -Distribución por xénero -Distribución por idades MIGRACIÓNS | TAXA OCUPACIÓN |
| | | TAXA DE PARO |
| | | |
| Renda | RNB Segundo: -Distribución funcional -Distribución espacial -Distribución persoal -Desigualdade: percentís 20% (distribución da riqueza) | SALARIOS (traballo) |
| | | BENEFICIOS EMPRESARIAIS (capital) |
| | EXCLUSIÓN (pobreza) | TAXA DE POBREZA LIMIAR DE POBREZA |
| Prezos | ÍNDICE DE PREZOS AO CONSUMO (IPC) Prezo dos combustibles Prezo dos alimentos agrarios | Taxas de variación IP |
| | TIPO DE INTERESE | TAE |
| Economía sumerxida | PROSTITUCIÓN DROGA ARMAS | |
| | Paraísos fiscais Diñeiro negro | |
| Outros | CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA PER CÁPITA % PIB AXUDA HUMANITARIA | |

1.2.1. PIB



a) Observa estes datos:

Las mayores economías del mundo

| PIB En miles de millones de dólares corrientes | | | | PIB En miles de millones de dólares corrientes ajustados por la paridad de poder de compra | | | | | |
|--|--------------|--------|--------------|--|------|--------------|--------|--------------|--------|
| | 2012 | | 2017 | | 2012 | | 2017 | | |
| 1 | EEUU | 15.653 | EEUU | 19.745 | 1 | EEUU | 15.653 | China | 20.198 |
| 2 | China | 8.250 | China | 13.212 | 2 | China | 12.383 | EEUU | 19.745 |
| 3 | Japón | 5.984 | Japón | 6.611 | 3 | India | 4.711 | India | 7.042 |
| 4 | Alemania | 3.367 | Alemania | 3.726 | 4 | Japón | 4.617 | Japón | 5.305 |
| 5 | Francia | 2.580 | Brasil | 3.254 | 5 | Alemania | 3.194 | Alemania | 3.692 |
| 6 | Reino Unido | 2.434 | India | 3.171 | 6 | Rusia | 2.512 | Rusia | 3.296 |
| 7 | Brasil | 2.425 | Reino Unido | 3.098 | 7 | Brasil | 2.366 | Brasil | 3.146 |
| 8 | Italia | 1.980 | Rusia | 2.977 | 8 | Reino Unido | 2.316 | Reino Unido | 2.810 |
| 9 | Rusia | 1.954 | Francia | 2.896 | 9 | Francia | 2.253 | Francia | 2.612 |
| 10 | India | 1.947 | Italia | 2.124 | 10 | Italia | 1.834 | México | 2.253 |
| 11 | Canadá | 1.770 | Canadá | 2.117 | 11 | México | 1.758 | Corea del S. | 2.133 |
| 12 | Australia | 1.542 | Indonesia | 1.843 | 12 | Corea del S. | 1.622 | Italia | 2.069 |
| 13 | España | 1.340 | Australia | 1.787 | 13 | Canadá | 1.446 | Indonesia | 1.815 |
| 14 | México | 1.163 | Corea del S. | 1.629 | 14 | España | 1.407 | Canadá | 1.761 |
| 15 | Corea del S. | 1.151 | México | 1.490 | 15 | Indonesia | 1.212 | España | 1.601 |
| 16 | Indonesia | 895 | España | 1.438 | 16 | Turquía | 1.125 | Turquía | 1.497 |
| 17 | Turquía | 783 | Turquía | 1.170 | 17 | Irán | 997 | Taiwan | 1.225 |
| 18 | Holanda | 770 | Holanda | 854 | 18 | Australia | 961 | Australia | 1.221 |
| 19 | Arabia Saudí | 657 | Arabia Saudí | 779 | 19 | Taiwan | 902 | Irán | 1.173 |
| 20 | Suiza | 623 | Irán | 671 | 20 | Polonia | 802 | Polonia | 1.009 |

Fuente: Fondo Monetario Internacional (FMI).

EL PAÍS



a.1) Compara a posición dos dez primeiros países en función do PIB en **dólares correntes** ou en función do **PIB en dólares axustados pola paridade do poder de compra** (permite a comparación entre países, eliminando as distorsións que xeran os diferentes niveis de prezos existentes entre eles. Cun dólar non compras o mesmo nun país que noutro)

a.2) Analiza a previsión de crecemento desde 2012 a 2017. Que países crecerán?

a.3) Comenta a situación de España e doutros países da periferia de Europa. (Quizais deberías especificar que países)

a.4) Cales son os países emerxentes (BRICS)? Por que se chaman así?

b.1) Cales son os primeiros dez países en función do **PIB per cápita**?

b.2) Neste ranking fíxate na posición de Estados Unidos e razoa por que baixa a súa posición con respecto ao ranking do exercicio anterior.



c.1) Con estes datos do PIB (en millóns de euros) calcula a taxa de variación % e a poboación de España:

| | 2009 | 2010 | 2011 |
|-------------------------|-----------|-----------|-----------|
| PIB a prezos de mercado | 1.048.060 | 1.048.883 | 1.063.355 |
| PIB per cápita | 22.800 € | 22.800 | 23.100 |
| Taxa de variación | ----- | | |
| Poboación | | | |



c.2) Realiza unha gráfica sobre a distribución sectorial do PIB en España a partir dos datos da seguinte táboa (millóns de €)

| Sectores económicos | 2011 |
|---------------------|------------------|
| Primario | 24.383 |
| Secundario | 165.051 |
| Construción | 98.546 |
| Servizos | 688.331 |
| Impostos netos | 87.044 |
| Total PIB | 1.063.355 |



c.3) O sector TIC, do que forma parte a industria dos contidos dixitais, xa representa o 6% do PIB español segundo anunciou o Ministerio de Industria en febreiro de 2011. Ademais, a perspectiva é que cada vez teña máis peso no PIB nacional. **Localiza información sobre o distinto peso dos sectores económicos en España desde o ano 1970 e fai unha gráfica que permita comparar estes datos cos de 2011.**

1. CONSUMO PRIVADO E GASTO PÚBLICO




a) Busca na páxina Web do INE os seguintes datos dos últimos cinco anos e reflexiona sobre eles:

- A evolución do gasto medio por fogar na enquisa de orzamentos familiares. Composición do consumo privado.
- A evolución do gasto feito polo Estado en emprego público
- A evolución do gasto público en Educación.
- A evolución do gasto público en Sanidade.

2. INVERSIÓN PÚBLICA E PRIVADA (FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL)




a.1) A inversión pública recolle a construción de infraestruturas e a compra de bens de equipo por parte do Estado. As transferencias ao sector privado recollen o que o Estado reparte en pensións de xubilacións, subsidios de desemprego, etc. A partir deste gráfico pon tres exemplos das partidas que se incluírían en cada un destes bloques:



Fuente: INE

No ano 2010 o gasto total das administracións públicas ascendeu a 479.645 millóns de €, o que supuxo un 45,6% do PIB da economía española fronte ao 50,9 % da zona euro. O gasto total divídese en tres grandes conceptos: consumo final, inversión pública e as transferencias do sector público ao sector privado.

a.2) Comenta esta gráfica sobre a evolución dos compoñentes do gasto público desde 2001 a 2010.



Fuente: INE

a.3) A inversión privada. Busca imaxes representativas de bens inmables, infraestruturas e bens duradeiros dos empresarios individuais que formarían parte do que chamamos FBC (Formación Bruta de Capital) privada.

3. COMERCIO EXTERIOR



a) Na páxina Web do INE:

- Investiga cales son os produtos que importa España e as cifras en unidades monetarias deste último ano.
- Investiga cales son os produtos que exportamos e as cifras en unidades monetarias deste último ano.
- A que países lles compramos? A que países lles vendemos?
- Calcula o saldo da balanza comercial española (exportacións–importacións)
- Busca o saldo da balanza enerxética española.



- a) Realiza unha gráfica que recolla o destino do PIB do ano 2011 (en millóns de €)

| | |
|---------------------------------|------------------|
| Consumo final | 842.733 |
| Formación Bruta de capital | 229.054 |
| Exportacións de bens e servizos | 321.819 (+) |
| Importacións de bens e servizos | 330.251 (-) |
| Total PIB | 1.063.355 |



- b) Que porcentaxe respecto do total do PIB representa o gasto público en bens e servizos se sabes que supuxo unha cantidade de 22.721 millóns de euros?

1.2.2. Emprego



- a) Razona:

- Cal pode ser a diferenza entre *emprego* e *traballo*?
- Expresa o teu acordo ou desacordo coas afirmacións do seguinte texto:

Porque ao final o que combate a pobreza é o emprego, o emprego satisfactorio, que ademais dignifica á persoa, o emprego non só é unha responsabilidade social, senón unha necesidade emocional.

- Unha ama de casa estaría no grupo de *emprego* ou no grupo de *traballo*?
- E unha persoa que recolle cada noite a comida polos contedores de lixo?



- b) Resume as ideas fundamentais do seguinte texto relativo ao libro de Rifkin, *A fin do traballo*, e indica o teu acordo ou desacordo con elas:

As actuais cifras de desemprego, a escala mundial, son as maiores desde a gran depresión dos anos 30. O número de persoas infraempregadas ou que carecen de traballo está crescendo a un ritmo vertixinoso, debido sobre todo aos millóns de persoas recentemente chegadas ao mercado laboral que se están convertendo en vítimas propiciatorias dunha nova revolución tecnolóxica. E os máis sofisticados ordenadores, a robótica, as telecomunicacións e outras formas de alta tecnoloxía están substituíndo rapidamente aos seres humanos na maior parte dos sectores económicos, trátase dos procesos de fabricación, da distribución polo miúdo, do transporte, da agricultura ou das diferentes actividades funcionariais.

Noutras palabras, a gran maioría dos traballos van desaparecer para non volver nunca máis, de maneira que o mundo acabará polarizándose en dúas forzas, en dúas

tendencias potencialmente irreconciliables: por unha banda, unha elite ben informada que controlará e xestionará a economía global de alta tecnoloxía; e, por outra, un crecente número de persoas traballadoras permanentemente desprazadas, con poucas perspectivas de futuro e aínda menos esperanzas de conseguir un traballo aceptable nun mundo cada vez máis automatizado.

Partindo de todo iso, Rifkin afirma que deberíamos empezar a suscitarnos a existencia da era posmercado, é dicir, a que estamos empezando a vivir; pensar en formas alternativas ás formulacións máis habituais en torno ao traballo, poñer en marcha novos modos de xeración de ingresos e de reparto do poder; e xerar unha maior confianza no terceiro sector*, o que á súa vez deberá permitir a reconstrución das nosas comunidades e as nosas culturas. Debemos concienciarnos de que, aínda que o fin do traballo pode supoñer o final da civilización tal como a coñecemos ata agora, quizá tamén sexa o inicio dunha gran transformación social que traia consigo o renacemento do espírito humano.

*O terceiro sector é a economía social ou voluntariado

1. TAXAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E PARO



a) Completa a seguinte táboa

| | 2012 (4º TRIMESTRE) |
|--------------------|---------------------|
| Nº DE OCUPADOS | 16.957.100 |
| Nº DE PARADOS | 5.965.400 |
| Nº DE ACTIVOS | |
| TAXA DE ACTIVIDADE | 59,80 |
| < 16 ANOS | |
| TAXA DE PARO | |



b) Comproba a veracidade ou falsidade das seguintes afirmacións:

- O emprego no sector servizos incrementouse en todo o mundo.
- Os traballos precarios no microcomercio informal ou no coidado a persoas son maioritariamente realizados por homes.
- O número de mulleres que ingresan no mercado laboral creceu vertixinosamente nas últimas décadas.
- A temporalidade dun contrato é un indicador de precariedade laboral.
- A fenda de xénero é a desigualdade que existe entre mulleres e

homes e agrávase en presenza de fillos.

- Os contratos temporais corresponden máis ás mulleres ca ós homes en España.
- Actualmente en España, o paro xuvenil é maior en traballos de alta cualificación que nos non cualificados.

2. MIGRACIONES



Cerebros que hacen las maletas. *El País* 9.12.2012

Ante un negro horizonte, moitos investigadores abandoan a ciencia en España



Rocío Ruiz Bustos traballaba ata hai pouco no Parque Científico e Tecnolóxico de Albacete, no Instituto de Enerxías Renovables; lideraba un proxecto de investigación da Axencia Internacional de Enerxía Atómica sobre pilas de combustible e codirixía outros financiados polo Goberno español e pola Xunta de Castela-A Mancha. Pero recentemente recibiu o despedimento fulminante, tras catro anos desempeñando o seu labor como investigadora cun contrato indefinido. “De nada valeu o meu doutoramento na Complutense nin o meu período posdoctoral de case catro anos na Universidade de Oxford, nin estancias nas universidades de Cambridge e McMaster de Canadá?, laméntase.

Durante o seu proceso de despido, esta doutora en Química tivo que escoitar incluso que “a investigación non serve para nada”. Non é ela un caso único, por suposto, no Parque Científico e Tecnolóxico de Albacete, onde se está despedindo a investigadores con moi boa formación e currículos, din expertos da contorna. “É xente de moita valía e custou moito traelos ata a nosa rexión”, di un profesor da Universidade de Castela-A Mancha.

En canto a Ruiz Bustos, en dúas semanas desde o despido fulminante recibiu catro ofertas desde Holanda, e está segura de que se ten que ir ao estranxeiro porque en España “non hai saída”. Aínda que lle gustaría quedarse, seguir investigando en pilas de combustible, e tamén que os seus fillos e a súa familia viviran en España. Pero a realidade imponse: “Desexo que a rexión mellore e que non perda esta universidade; eu marcharei a outro país onde me traten dignamente”, di.

a.1) Que significan as siglas I+D+i? Cal é o seu principal obxectivo?

a.2) Por que podemos identificar este exemplo como o fenómeno da migración do CAPITAL HUMANO?

a.3) Raza que significa a DESCAPITALIZACIÓN que está sufrindo o noso país en relación ao exemplo de Rocío.



b) Tradicionalmente identificamos as migracións humanas con traballo non cualificado, pero isto non é sempre así, como vemos no exemplo de Rocío. Indaga cara onde se dirixen actualmente as frechas de inmigración cualificada e non cualificada.

3. TRABAJO DOMÉSTICO



a) A partir dos datos contidos nesta táboa explica as principais diferenzas na utilización dos tempos entre mulleres e homes en relación ao fogar e coidado da familia.

Duración media diaria dedicada a la actividad por las personas que la realizan. 2009-2010 (horas:minutos)



(*) en los cuidados personales se incluye dormir, comer y beber, el aseo y vestido

Fuente: Encuesta de Empleo del Tiempo. INE



b) Cando as tarefas do fogar e o coidado das persoas se realizan por persoal contratado, os seus salarios aparecen reflectidos nas rendas

do país (ou PIB). Se o número de horas que maioritariamente as amas de casa dedican a este traballo se contabilizase co salario mínimo, En canto estimas ti que subiría o PIB de España?

1.2.3. Renda

A **renda nacional per cápita** é unha medida aritmética que expresa os cartos que, como termo medio, lle correspondería a unha persoa do país, e dicir, o nivel medio de ingresos da poboación española.



a.1) Compara a evolución desta variable e di en que porcentaxe variou entre 2007 e 2010 **en valor nominal** (sen ter en conta o custo da vida) e en **valor real** (tendo en conta a evolución dos prezos e sabendo que co mesmo diñeiro non se adquiren os mesmos produtos en 2007 que en 2010).

a.2) A distancia entre o 20% mais rico e o 20% mais pobre pasa de ser do 5,3 **en** 2007 a ser do 6,9 **en** 2010. Este é un indicador que intenta reflectir a evolución das desigualdades de clase social, Como o interpretas?

b) Relaciona estes ITEMS referidos aos distintos tipos de distribución da renda

| | | | |
|-------------------------------|-----------------------|-----------------------|--|
| Distribución sectorial | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | Entre persoal asalariado e empresariado |
| Distribución factorial | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | Entre distintos territorios |
| Distribución persoal | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | Entre os distintos sectores Económicos |
| Distribución espacial | <input type="radio"/> | <input type="radio"/> | Entre as familias e as persoas |



c) Elixo unha gráfica que recolla esta información relativa ao PIB ou Renda Interior Bruta para o ano 2011 (en millóns de €)

| | |
|--|------------------|
| Rendas persoas asalariadas | 508.620 |
| Beneficios empresariais/ rendas mixtas | 464.198 |
| Impostos netos sobre a produción e a importación | 90.537 |
| Total Renda Interior Bruta (PIB) | 1.063.355 |



- d) que tipo de gráfica pode representar a información contida no seguinte fragmento para os anos 1980 e 2012?:

As rendas empresariais superan por primeira vez ás salariais en España. EL PAÍS Madrid 17 FEB 2012

O excedente de empresas e autónomos chega ao 46,2% do PIB.

A porción do valor engadido dos asalariados quédase no 46%, o mínimo histórico.

No arranque dos oitenta, a remuneración conxunta de todos os asalariados equivalía ao 53% do PIB español, mentres que o excedente bruto de explotación (que inclúe rendas empresariais e de profesionais autónomos) quedábase no 41%. Os impostos á produción eran o destino do 6% restante.



- e) Analicemos agora estes datos relativos ao crecemento das rendas precarias, non só entre as persoas asalariadas senón tamén entre as autónomas no ano 2012 en España.

| Población en situación de precariedad en el conjunto del Estado * | | | | | | |
|---|-------------------------|-----------------------|---------------------|----------------------|------------------------------|---------------------|
| | Mileuristas asalariados | Mileuristas autónomos | Mileuristas totales | Adultos sin ingresos | Total adultos en precariedad | Tasa de precariedad |
| 2007 | 14.718.233 | 1.674.310 | 16.392.543 | 2.186.477 | 18.579.020 | 40,3% |
| 2012 | 16.047.384 | 1.662.748 | 17.710.132 | 2.930.669 | 20.640.801 | 43,7% |

Fuente: Técnicos del Ministerio de Hacienda

* La tasa de precariedad se haya dividiendo los adultos en precariedad sobre el total del censo de población

d.1) Explica coas túas palabras o dato de que a taxa de precariedade en España é do 43,7%.

d.2) Investiga cantas persoas viven actualmente da caridade en España.



- e) baseándote nestes datos elixe tres indicadores para medir a exclusión e representa a súa evolución nun gráfico temporal.

| TABLA 3. Indicadores de pobreza y privación | | | | | | | |
|---|---------|---------|------------|------------|------------|------------|------|
| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 |
| Tasa de pobreza | 19,7 | 19,9 | 19,7 | 19,6 | 19,5 | 20,7 | 21,8 |
| Umbral de pobreza, una persona (euros) | 6.347 | 6.860 | 7.203 | 7.753 | 7980 | 7.818 | - |
| Hogares sin ingresos | 2,14 | 2,06 | 2,12 | 2,62 | 2,70 | 2,82 | 3,22 |
| Hogares con dificultad para llegar a fin de mes | 26,2 | 28,9 | 26,8 | 29,3 | 30,5 | 30,6 | - |
| Tasa de pobreza y/o exclusión social (E2020) - AROPE | 24,2 | 23,9 | 23,1 | 22,9 | 23,4 | 25,5 | - |
| % de población con muy baja intensidad laboral | 6,8 | 6,3 | 6,3 | 6,2 | 7,0 | 9,8 | - |
| % de población con privación material severa | 3,4 | 3,4 | 3,0 | 2,5 | 3,5 | 4,0 | - |
| Nº de personas atendidas desde los servicios de Acogida y Asistencia de Cáritas | 423.000 | 408.000 | 400.000 | 605.000 | 780.000 | 950.000 | - |
| Nº de solicitudes de ayuda recibidas en los servicios de Acogida y Asistencia de Cáritas | - | - | 910.812 | 1.197.818 | 1.502.988 | 1.812.801 | - |
| Gasto en ayudas económicas desde los servicios de Acogida y Asistencia de Cáritas (euros) | - | - | 13.115.631 | 19.129.265 | 25.492.983 | 29.508.829 | - |

Fuente: Eurostat, EPA, Encuesta de Condiciones de Vida y Observatorio R. S. de Cáritas.



f) Segundo a información contida no seguinte texto:

Para fins analíticas, o Banco Mundial clasifica ás economías como de ingreso baixo, ingreso mediano ou ingreso alto. A partir do 1 de xullo de 2011 as economías de **ingreso baixo** son as que obtiveron ingresos promedio de US\$1.005 ou menos en 2010, as de **ingreso mediano baixo** obtiveron ingresos promedio de US\$1.006 a US\$3.975, as de **ingreso mediano alto** obtiveron ingresos promedio de US\$3.976 a US\$12.275, e as de **ingreso alto** obtiveron ingresos promedio de US\$12.276 ou máis. As economías de ingreso baixo e mediano coñécense comunmente como economías en desenvolvemento.

f.1) Localiza algúns exemplos de países que se poidan clasificar dentro dos grupos establecidos polo Banco Mundial

f.2) En que grupo está España?



g) Le o seguinte fragmento do artigo *Ricos más ricos, pobres más pobres*, El País 11.11.2011

La BRECHA SALARIAL en los países de la OCDE se ha disparado al nivel más alto en décadas

Hai distintos termómetros para a desigualdade. O informe da OCDE, que recolle os datos de 2008, previos á Gran Recesión, mostran que o 10% mellor situado gana como promedio 9,6 veces máis que o peor pagado. En España eran case 12 veces máis (un punto máis que no informe anterior), por encima de Italia (10) aínda que por baixo dos poderosos Estados Unidos (14).

....O mecanismo é o seguinte. A concentración da riqueza nunha parte cada vez máis concreta da poboación reduciu a capacidade adquisitiva do resto e, para poder manter o seu nivel de consumo, abaratáronse os créditos, alumeando ese fenómeno das hipotecas lixo, de alto risco, porque se outorgaban a familias que dificilmente ían poder pagar. A burbulla de crédito engordou o sector financeiro e recortou investimentos produtivos. Todo ía ben ata que alguén un día non puido pagar a hipoteca, o prezo das casas derrubouse, grandes bancos crebaron e empezouse a falar de refundar o capitalismo e unhas cantas cousas máis. investimentos produtivos. Todo ía ben ata que alguén un día non puido pagar a hipoteca, o prezo das casas derrubouse, grandes bancos crebaron e empezouse a falar de refundar o capitalismo e unhas cantas cousas máis.

- Estábanse construíndo moitas vivendas e a economía semellaba crecer ilimitadamente. Por que cres que se animou ás persoas sen cartos a mercar vivendas?
- Que relación ten isto coa crise actual?
- Que é a brecha entre ricos e pobres? Ten algunha relación co crédito fácil?

1.2.4. Salarios e prezos

1. IPC e VARIACIÓN SALARIAL



a) O IPC é un número que se obtén a partir de estudar a evolución do prezo dos artigos mais representativos do **gasto familiar**, pero non todos os grupos de artigos que se analizan teñen o mesmo peso. A partir desta táboa Sinala cales son os grupos de artigos que mais importancia ou peso tiveron no ano 2012:

Ponderaciones. General y grupos

| Grupos | IPC, base 2011 | |
|---------------------------------------|------------------------|------------------------|
| | Ponderaciones año 2012 | Ponderaciones año 2013 |
| 1. Alimentos y bebidas no alcohólicas | 18,26 | 18,26 |
| 2. Bebidas alcohólicas y tabaco | 2,89 | 2,82 |
| 3. Vestido y calzado | 8,34 | 8,09 |
| 4. Vivienda | 12,00 | 12,43 |
| 5. Menaje | 6,67 | 6,54 |
| 6. Medicina | 3,14 | 3,18 |
| 7. Transporte | 15,16 | 15,23 |
| 8. Comunicaciones | 3,85 | 3,82 |
| 9. Ocio y cultura | 7,54 | 7,45 |
| 10. Enseñanza | 1,42 | 1,45 |
| 11. Hoteles, cafés y restaurantes | 11,46 | 11,37 |
| 12. Otros bienes y servicios | 9,26 | 9,36 |
| GENERAL | 100 | 100 |



b1) Interpreta estas dúas estatísticas, a primeira referida a España (IPC) e a segunda á Unión Europea(IPC Harmonizado), fixándote nos grupos que representan unha variación positiva e nos que representan unha variación negativa.

B2) As bases dos números índice son diferentes, A canto equivalen 100 euros de 2005 en 2013 en Europa? A canto equivalen 100 euros de 2011 en 2013 en España?

Índice de Precios de Consumo. Base 2011

Enero 2013

1. Índices nacionales: general y de grupos

| Grupo | Índice | % Variación | | | Repercusión | |
|---------------------------------------|--------|-------------|---------------------|-------|-------------|---------------------|
| | | Mensual | En lo que va de año | Anual | Mensual | En lo que va de año |
| ÍNDICE GENERAL | 103,0 | -1,3 | -1,3 | 2,7 | | |
| 1. Alimentos y bebidas no alcohólicas | 104,6 | 0,4 | 0,4 | 3,2 | 0,070 | 0,070 |
| 2. Bebidas alcohólicas y tabaco | 110,5 | 2,7 | 2,7 | 8,0 | 0,075 | 0,075 |
| 3. Vestido y calzado | 93,1 | -14,7 | -14,7 | -0,1 | -1,189 | -1,189 |
| 4. Vivienda | 106,2 | -0,7 | -0,7 | 4,4 | -0,083 | -0,083 |
| 5. Menaje | 101,4 | -0,8 | -0,8 | 1,3 | -0,051 | -0,051 |
| 6. Medicina | 109,4 | -1,2 | -1,2 | 12,1 | -0,038 | -0,038 |
| 7. Transporte | 104,9 | 0,9 | 0,9 | 2,2 | 0,145 | 0,145 |
| 8. Comunicaciones | 95,3 | -1,2 | -1,2 | -1,8 | -0,045 | -0,045 |
| 9. Ocio y cultura | 99,9 | -2,2 | -2,2 | 1,1 | -0,161 | -0,161 |
| 10. Enseñanza | 112,7 | 0,0 | 0,0 | 10,5 | 0,000 | 0,000 |
| 11. Hoteles, cafés y restaurantes | 100,6 | -0,2 | -0,2 | 0,7 | -0,023 | -0,023 |
| 12. Otros bienes y servicios | 104,3 | 0,2 | 0,2 | 3,0 | 0,023 | 0,023 |

Índice de Precios de Consumo Armonizado, 2005=100

Enero 2013

1. Índices nacionales: general y de grupos


| Grupo | Índice | % Variación | |
|---------------------------------------|--------|-------------|-------|
| | | Mensual | Anual |
| ÍNDICE GENERAL | 119,07 | -1,8 | 2,8 |
| 1. Alimentos y bebidas no alcohólicas | 119,47 | 0,4 | 3,2 |
| 2. Bebidas alcohólicas y tabaco | 166,57 | 2,7 | 8,0 |
| 3. Vestido y calzado | 88,16 | -21,0 | 0,0 |
| 4. Vivienda | 140,43 | -0,7 | 4,3 |
| 5. Menaje | 112,99 | -0,8 | 1,3 |
| 6. Medicina | 106,13 | -1,2 | 12,1 |
| 7. Transporte | 131,36 | 1,1 | 3,1 |
| 8. Comunicaciones | 92,06 | -1,2 | -1,8 |
| 9. Ocio y cultura | 97,60 | -2,2 | 1,1 |
| 10. Enseñanza | 138,38 | 0,0 | 10,5 |
| 11. Hoteles, cafés y restaurantes | 121,00 | -0,1 | 0,7 |
| 12. Otros | 124,08 | -0,1 | 3,5 |



c) Gráfica Salarios /IPC 1981- 2012. EL PAIS 12. 1. 2013

RETROCESO DEL PODER ADQUISITIVO

Variación interanual en %



- Que representa a gráfica?
- En que anos os salarios están por riba dos prezos?
- Sabendo que para medir o poder adquisitivo comparo os salarios e os prezos(a súa variación), Por que se titula a nosa gráfica RETROCESO NO PODER ADQUISITIVO?

2. O PREZO DO DIÑEIRO



a) Le o seguinte texto e contesta as seguintes cuestións en relación cos termos subliñados:

A TAE aglutina os tipos de interese, o prazo da operación (anual) e as comisións.

<http://www.elblogsalmon.com/conceptos-de-economia/que-es-la-tae>

Imaxinemos que un banco ofrécenos un depósito a un ano ao 10% cuxos intereses liquidáanse á finalización do mesmo e outro banco ofrécenos o mesmo, pero os intereses liquidáanse mensualmente e sobre o mesmo depósito. Nunha primeira ollada, ambos préstamos son moi parecidos, pero o primeiro daranos ao cabo dun ano 100 euros por cada 1000 investidos e en cambio o segundo daranos 104,71 euros. E isto por que? Simplemente porque ao pagarnos os intereses mensualmente, o seguinte mes temos máis capital e xa que logo máis intereses (interese composto). Polo tanto a rendibilidade real do primeiro depósito é do 10% e a do segundo do 10,47%. É dicir, a Taxa Anual Equivalente do primeiro depósito coincide co interese nominal, pero no segundo caso non.

- Que é un depósito bancario?
- No exemplo do artigo, o rédito ou tipo de interese é do 10% e a TAE é do 10,47, Saberías explicar por que sucede isto?



b) Analiza este cadro de amortización dun préstamo. A cuota é sempre a mesma pero os intereses varían. Saberías calcular os intereses?

| | Tipo de interés: | | 5% | |
|---------|------------------|-------------|--------------|---------------------|
| | Interés | Cuota | Amortización | Capital <u>pdte</u> |
| Periodo | | | | |
| 0 | | | | 810.000,00 |
| 1 | 40.500,00 | -104.898,71 | -64.398,71 | 745.601,29 |
| 2 | 37.280,06 | -104.898,71 | -67.618,64 | 677.982,65 |
| 3 | 33.899,13 | -104.898,71 | -70.999,57 | 606.983,08 |
| 4 | 30.349,15 | -104.898,71 | -74.549,55 | 532.433,53 |
| 5 | 26.621,68 | -104.898,71 | -78.277,03 | 454.156,50 |
| 6 | 22.707,82 | -104.898,71 | -82.190,88 | 371.965,62 |
| 7 | 18.598,28 | -104.898,71 | -86.300,42 | 285.665,19 |
| 8 | 14.283,26 | -104.898,71 | -90.615,45 | 195.049,75 |
| 9 | 9.752,49 | -104.898,71 | -95.146,22 | 99.903,53 |
| 10 | 4.995,18 | -104.898,71 | -99.903,53 | 0,00 |



c) Como dixemos ao comezo deste bloque, é moi habitual analizar a evolución das variables económicas mediante as variacións porcentuais. Tendo en conta a seguinte información do Ministerio de Economía no que se recollen os compoñentes do PIB polo lado da Demanda:

Escenario Macroeconómico

| Variación real en % | 2011 | 2012(P) | 2013 (P) | 2014 (P) | 2015 (P) |
|---|------|---------|----------|----------|----------|
| PIB real | 0,7 | -1,7 | 0,2 | 1,4 | 1,8 |
| Consumo final privado | -0,1 | -1,4 | -1,1 | 0,6 | 1,1 |
| Consumo final de las AAPP | -2,2 | -8,0 | -4,6 | -1,9 | -2,8 |
| Formación Bruta de Capital Fijo | -5,1 | -9,0 | -0,5 | 2,4 | 3,0 |
| Demanda nacional | -1,7 | -4,4 | -1,7 | 0,5 | 0,8 |
| Exportación de bienes y servicios | 9,0 | 3,5 | 6,9 | 7,5 | 8,0 |
| Importación de bienes y servicios | -0,1 | -5,1 | 1,3 | 5,4 | 6,2 |
| Saldo exterior | 2,5 | 2,7 | 1,8 | 1,0 | 1,0 |
| PIB nominal | 2,1 | -0,7 | 1,9 | 3,0 | 3,5 |
| Empleo | -2,0 | -3,7 | -0,4 | 0,7 | 1,0 |
| Tasa de paro | 21,6 | 24,3 | 24,2 | 23,4 | 22,3 |
| Cap. (+)/Nec. (-) fin. frente RM | -3,4 | -0,9 | 0,8 | 1,4 | 1,8 |



h) Analiza as variables macroeconómicas que máis diminúen e as que máis crecen.



i) Este exercicio ten que ver coas chamadas Contas da Nación (contabilidade nacional). Busca Nas actividades anteriores o valor total do PIB (p.m.) obtido pola **vía da demanda**, **vía da renda** e **vía da oferta** no ano 2011:

Consumo + Inversión + Exportacións – Importacións = 1.063.355

Asalariados + rendas mixtas + Impostos* = 1.063.355

Producción S. Primario + Secundario + construción +servizos+ Impostos* = 1.063.355

*Os impostos non son da mesma contía porque son diferentes cómputos.

Comproba se o que se produce no interior dun país en cada sector económico coincide co que se cobra ou se gaña e co que se gasta ou aforra a través da inversión?



j) Calcula canto foi o PIB nominal do 2010 se, como xa sabes, creceu un 2,1 %.

1.2.5. Economía sumerxida



“Minte”

Título orixinal: Miente

Ano: Xaneiro, 2008

País: España

Xénero: Drama

Dirección: Isabel de Ocampo

Producción executiva: Isabel de Ocampo

Dirección de produción: Lola Alonso

Guión: Isabel de Ocampo

Director de fotografía: Álvaro Gutiérrez

Música: Antonio Escobar

Xefe de son: Lucia Loiseau

Montaxe: Carlos Therón

Duración: 15 minutos

Intérpretes: Sveta Zhukovska (Doina), Daniela Teneva (Alina), Fernando Valdivielso (Xefe mafia), Nikolai Chilov (pai), Maya Petrova (nai), Juliana Saiska (muller mafia), Raúl Luis (flautista), Daniel Ortiz (vixiante), Antonio Blazquez (dependiente), Luis Ibáñez (cliente), Daniel Román, Stefan Marian e Marinel Chis (mafiosos), Claudia Tusa Alina e Laura Kristina Chis (nenas).

Sinopse: Doina quere facerlle un agasallo de cumpleanos á súa irmá, pero para conseguilo ten que arriscar a súa vida

Anécdotas

Para rodar a curtametraxe, a directora foise a Bulgaria. Necesitaba ambientación da Europa do Este, de onde era a personaxe protagonista.

Isabel estudou na Escola de Cinematografía e Audiovisual de Madrid e a botaron:

Había números clausus y al final del segundo curso no pude continuar. Ahora, con el éxito de Miente, me han pedido que firmara en el libro de honor. Puse la dedicatoria «Gracias por echarme» [risas]. La verdad es que me sentó muy bien que pensarán que no era apta, como ponía en la carta que recibí, porque eso me dio mucha fuerza para dejar claro que no era así

Valoración Crítica

Moi boas críticas, en especial á fotografía e ao son. A propia directora califica a música de espectacular, para ela a música é unha especie de guía invisible de como queres que o espectador se sinta.

Basta con decir que acadou 32 premios antes da nominación nos Goya.

A globalización criminal. Pierre Conesa, El Atlas de Le Monde Diplomatique 2012.

Unha lista exhaustiva das actividades criminais internacionais sería prolixa: xa non só se limita aos tráfico tradicionais (droga, prostitución) se non que se renova regularmente (tráfico de órganos, piratería, sen papeis, refugallos, falsificación, xogos en liña, cibercrime...) A droga continúa sendo con moito o mercado

máis lucrativo. O **tráfico de seres humanos** (prostitución, sen papeis, tráfico de órganos) reportaría uns 7 mil millóns de dólares anuais segundo a ONU, cuxas estimacións sitúan entre 200 e 250 millóns o número de escravos adultos no mundo. As mafias (como termo xenérico) teñen comportamentos empresariais análogos aos dos actores económicos, salvo no que a violencia se refire.

Despois de visualizar e ler estes documentos responde ás seguintes cuestións:

a) As mafias moven un montón de diñeiro que se inclúe na economía sumerxida. Fai un ranking das diferentes actividades segundo o volume de negocio (os cartos que se moven).

b) Cantos millóns de persoas escravas adultas calcula a ONU que hai no mundo?



c) No informe sobre *O tráfico e a trata de seres humanos con fin de explotación sexual en España 2009* afírmase:

A maioría da sociedade considera denigrante o exercicio da prostitución e ninguén o quereda para as súas fillas, pero tamén o entende como inevitable; non podemos aceptar como inevitable unha práctica que atenta contra a integridade e dignidade humanas, comprándoas por un prezo.

Durante séculos considerouse que a escravitude era normal, que cumpría unha función social saudable e imprescindible desde o punto de vista económico.

Unha sociedade avanzada non pode permitir que alguén poida entregar o seu corpo, a súa sexualidade, a cambio dun prezo económico.

En pequeno grupo razoa:

- Pódese equiparar prostitución e escravitude? Argumenta que é o que terían en común e que é o que terían diferente.
- Ante a problemática da prostitución, os gobernos poden elixir entre:
 - Facer que este tráfico sexa unha actividade económica máis (legalización).
 - Facer que as persoas que a exercen non podan ser detidas nin multadas (despenalización).
 - Perseguir o tráfico e legislar prohibíndo a prostitución,, como se fixo coa escravitude (abolición).


Argumenta a favor e en contra de cada unha delas e di cal escollerías se estivese na túa man aplicar esa medida.

- As mafias moven miles de millóns de euros. Poderían existir estas mafias sen a colaboración directa e indirecta da poboación?
- Gran parte destes cartos están en paraísos fiscais. Que é un paraíso fiscal? Por que se permite a existencia destes paraísos nos que non se controla a procedencia dos cartos?

1.2.6. Outros indicadores económicos



No seguinte fragmento, *A enerxía como elemento esencial do desenvolvemento*, Agustín Alonso Garrido analiza o caso de Nixeria como exemplo de país rico en recursos enerxéticos pero pobre en consumo de enerxía.



Nixeria é o país africano que máis petróleo extrae anualmente do subsolo deste continente. Está dentro dos dez países máis ricos en petróleo do mundo.

Tamén conta cunhas reservas enormes de gas natural que o sitúan na lista dos países máis ricos do mundo neste recurso enerxético.

Sen embargo, case todo o petróleo e o gas natural extraídos en Nixeria son exportados. De feito, pese a súa grande riqueza nestes combustibles fósiles, a biomasa e os residuos constitúen a principal fonte enerxética do país, supoñendo o 78 % do seu consumo. Ademais, o

consumo enerxético do país é moi reducido e menos da metade da súa poboación ten acceso á electricidade. A modo comparativo, un cidadán medio de Qatar, país que tamén conta cunhas importantes reservas de gas e petróleo, dispón de tanta enerxía como a consumida diariamente por unas 30 persoas nixerianas.

É dicir, que aínda que Nixeria conta cunha riqueza enerxética considerable que supón unha fonte potencial de desenvolvemento de valor incalculable, esta non se queda no país senón que os beneficios que conleva o seu consumo gózanos outros, Europa e EE.UU principalmente.

A día de hoxe, Nixeria é un dos países menos desenvolvido do mundo, situándose na parte máis baixa do ranking de desenvolvemento das Nacións Unidas, dentro dos cualificados como países de Baixo Desenvolvemento humano ao tempo que conta con recursos enerxéticos suficientes para o seu desenvolvemento. Entón... É que non basta con dispoñer dos recursos na túa propia casa?

E é que sabemos que os recursos enerxéticos están desigualmente repartidos, pero é que neste caso Nixeria foi agraciada pola Natureza cun tesouro enerxético, fonte de desenvolvemento, baixo a súa superficie. Por que non aproveita Nixeria esa riqueza que pertence por dereito, no seu propio beneficio? Por que a aproveitan outros?



a) En pequeno grupo reflexiona sobre:


- Sen recursos enerxéticos un país non pode desenvolverse pero, con eles, ás veces tampouco. Por que?
- Por que os recursos enerxéticos poden ser un indicador da riqueza económica dun país?



b) Localiza un mapamundi coa poboación mundial con acceso á electricidade a principios do .S. XXI e compara o consumo medio en EE.UU e Canadá co consumo medio en África

1.3 indicadores ecolóxicos ou medioambientais

PROCESOS DE ALTERACIÓNS DOS SISTEMAS NATURAIS POLOS SISTEMAS HUMANOS e algúns exemplos dos indicadores para medilos



1. O MEDIOAMBIENTE, SOPORTE DA VIDA



Imos realizar unha **PRESENTACIÓN EN DIAPOSITIVAS** sobre os **PROBLEMAS MEDIOAMBIENTAIS** asociados á **atmosfera, hidrosfera, xeosfera e biosfera**

Para iso dividiremos a clase en catro grupos, encargando a cada un deles dunha destas partes, trazando o seguinte itinerario de traballo:

a) Leremos con calma o gui3n que nos corresponda :

 **Ficha 1 Atmosfera**

 **Ficha 2 Hidrosfera**

 **Ficha 3 Xeosfera**

 **Ficha 4 Biosfera**

b) Buscaremos imaxes que se adapten a cada punto do gui3n acompañándoas de breves textos explicativos.

Para facelo:

1º Abriremos un **documento de texto** e unha **carpeta de imaxes** co n3mero e o nome do traballo que nos correspondeu.

2º Buscaremos en Internet as **imaxes** que mellor ilustren os conceptos sobre os que temos que traballar, sabendo que na presentaci3n final, s3 se incluir3n tres diapositivas por grupo (unha para cada punto do gui3n). Ten en conta que, para que se entenda ben o que queres expo3ner, non debes incluír demasiadas imaxes en cada diapositiva.

3º Antes de gardar as imaxes que seleccionadas **na carpeta de imaxes** entramos na p3xina web onde est3n colgadas para comprobar a fiabilidade da informaci3n (non 3 igual de fiable a web dunha universidade que unha web particular) e extraer parte da explicaci3n que nos poda interesar en relaci3n 3 imaxe. Ent3n pegamos a **direcci3n da p3xina web e a informaci3n adicional** acerca da imaxe **no noso documento de texto, porque 3 moi importante citar sempre a fonte de onde extraemos a informaci3n.**

4º Empezaremos a traballar no documento de **texto** para saber que é o que entendemos e o que non entendemos; e cal é a información que xa temos e cal aínda nos falta, segundo o seguinte esquema:

Lemos o que
temos.



Escollemos o que nos parece
pertinente.



Redactámolo coas nosas palabras o máis brevemente
posible.

5º Deseñamos as **diapositivas** tendo en conta que o máis importante son as imaxes (fotografías, mapas ou gráficas) e que o texto ten que ser mínimo pois serve de apoio a esa imaxe.

c) Para entender mellor que as catro fichas abordan catro aspectos interrelacionados, na medida do posible **comporemos un documento único no que se inclúan as diapositivas de todos os grupos**, ordenadas polo número de equipo. Para elo, pode resultar moi útil a utilización de documentos *on line* tipo *google drive*, que permite que cada grupo colgue directamente a súa parte do traballo na orde que lle corresponde. Isto permitirá tamén unificar o deseño das diapositivas (fondo, marxes, cores, tipografía...)

d) Prepararemos a **exposición oral do traballo**, tendo en conta que:

1º Na exposición teñen que participar todos os membros do equipo, decidindo quen fai cada apartado desa exposición.

2ª O traballo é do equipo e todo o equipo ten que dominar o tema, non só a parte que lle tocou expor.

Ficha 1 **Atmosfera**

I. ¿Qué é?

Composición:

Capa de gases: hidróxeno, osíxeno, helio, nitróxeno...?
% ?

Estrutura:

Troposfera (a que está máis preto, a 18 quilómetros).
Ozonosfera (entre 18 e 35 quilómetros, filtro e pantalla das radiacións ultravioletas. A súa diminución provoca que os raios letais U.V. cheguen á superficie terrestre).
Estratosfera (a 30-35 quilómetros, nela atópase a ozonosfera).

Recursos enerxéticos:

Aproveitamento da forza do vento (eólica).

II. Problemas

A diminución da capa de ozono: causas e consecuencias (efectos).

Efecto invernadoiro ou quentamento do planeta. Causas e efectos.

Chuvia aceda. Causas e efectos.

Smog: néboas fotoquímicas nas áreas fortemente industrializadas. Causas e efectos.

III. Medidas, valores e prezos

Medidas políticas: Protocolo de Kioto.

Medidas económicas: ecotaxas (quen contamina, paga), cuotas de emisión (cada país ten dereito a emitir unha cantidade de CO₂).

Valor dun ar limpo.

Ficha 2 **Hidrosfera**

I. ¿Qué é?

Composición e tipoloxía:

Repartición de augas no planeta: marítimas, subterráneas, continentais e glaciares.

Recursos enerxéticos:

Aproveitamento das correntes de auga dos ríos de das mareas (hidráulica e mareomotriz).

II. Problemas

¿Por que temos que partir do ciclo hidrolóxico para estudar a contaminación?

Cando se di que a auga está contaminada? Os principais contaminantes do auga son os seguintes:

Materia orgánica que demanda osíxeno (fecais, industrias alimentarias).

Axentes infecciosos (virus e bacterias).

Nutrientes (nitróxeno, fósforo...).

Minerais inorgánicos e outros compostos químicos (petróleo e aceites).

Contaminación hídrica:

Mareas negras. Historia das que se produciron en Galiza.

Augas residuais. Os problemas da depuración.

Residuos agropecuarios (pesticidas, plaguicidas...).

Residuos industriais ¿Que fábricas son as máis perigosas?

Contaminación augas subterráneas.

III. Medidas, valores e prezos

Ficha 3 **Xeosfera**

I. ¿Qué é?

Recursos:

Biom~~as~~ terrestres: bosques, estepas, desertos, tundras, prados, sabanas, pluviselva. A importancia dos bosques boreais.

O SOLO: un recurso non renovable:

Funcións do solo: hábitat de especies, función alimentaria, soporte da vida.

Usos do subsolo. Recursos Minerais:

Minerais metálicos (ouro, zinc, “terras raras”) e non metálicos (o seixo)

Rochas industriais (granito, lousas, areas)

Combustibles fósiles:

Combustibles fósiles: **C**omo se orixinan?

- O carbón.

- Os hidrocarburos: petróleo e gas natural.

Recursos enerxéticos:

Aproveitamento da calor do centro da terra (xeotermia).

II. Problemas

Desertización

Deforestación.

Perda de biodiversidade

Esgotamento de terras de cultivo.

Contaminación: metais pesados, acidificación, explotacións mineiras.

III. Medidas, valores e prezos

O valor da perda dunha especie.

Prezo da auga e as guerras pola súa accesibilidade.

Ficha 4 **Biosfera**

I. ¿Qué é?

Os recursos da biosfera:

Recursos mariños.

Recursos agrarios.

Recursos gandeiros.

Recursos forestais.

O solo

Recursos enerxéticos:

Madeira (biomasa) e cereais (biocombustibles).

II. Problemas

Explotación insostible ou sobreexplotación.

III. Medidas, valores e prezos

As patentes sobre a vida.



2.A PEGADA ECOLÓXICA

A PEGADA ECOLÓXICA

Área de territorio ecoloxicamente produtivo (cultivo, pastos, bosques ou ecosistemas acuáticos) necesaria para producir os recursos utilizados e para asimilar os residuos producidos por unha poboación dada cun xeito de vida específica de forma indefinida.




1. A cantidade de hectáreas utilizadas para urbanizar, xerar infraestruturas e centros de traballo.

2. Hectáreas necesarias para proporcionar o alimento vexetal necesario.

3. Superficie necesaria para pastos que alimenten o gando.

4. Superficie mariña necesaria para producir o peixe.

5. Hectáreas de bosque necesarias para asumir o CO₂ que provoca o noso consumo enerxético.



2.a) Traduce ás túas palabras en cinco liñas o que é a pegada ecolóxica.

2.b) Interpreta o mapamundi tendo en conta esta información:

A nivel mundial sabemos que a biocapacidade existente é aproximadamente de 1,7 hectáreas por habitante no mundo, é dicir, que si repartísemos o terreo bioloxicamente produtivo tocaríamos a 1,7 hectáreas por persoa. Agora ben, a pegada ecolóxica media mundial é na actualidade de 2,8 hectáreas por habitante, o que significa que se necesitarían dous mundos para satisfacer o actual ritmo de consumo e xeración de residuos. A especie humana violou vos límites biolóxicos?

2.c) Calcula a túa pegada ecolóxica neste enderezo <http://www.ecofoot.org/> ou contesta “the ecological footprint quiz”

2.d) Compara a pegada ecolóxica por persoa na India e nos EE.UU. Intenta comparar a porcentaxe de poboación mundial que representa Asia (sen China) e a súa pegada ecolóxica coa de EE.UU e Canadá.

2.e) Localiza información sobre a pegada ecolóxica dalgunhas empresas españolas no seguinte enlace e pon exemplos

http://sociedad.elpais.com/sociedad/2011/08/10/actualidad/1312927201_850215.html



3. A PEGADA DE CARBONO

Le o seguinte texto e enumera os gases causantes do efecto invernadoiro, indicando a súa fonte.

Cada día son máis as empresas e organismos públicos a nivel internacional que miden a súa pegada de carbono, é dicir que cuantifican as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) que se xeran ao longo do ciclo de vida dos seus produtos ou servizos no desenvolvemento da súa actividade empresarial



4. OUTROS INDICADORES MEDIOAMBIENTAIS: A BIODIVERSIDADE (número de especies vivas).

Le o seguinte texto e realiza unha listaxe das causas da perda de biodiversidade en Europa

A Axencia Europea de Medio Ambiente establece nun informe que “o declive da biodiversidade en moitas rexións de Europa deriva principalmente dunha explotación moi intensa, case industrial, das zonas agrícolas e forestais, e dos cambios de uso da terra; dunha elevada fragmentación os hábitats naturais que quedan, polas infraestruturas e a urbanización, e polo influxo do turismo de masas, así como pola contaminación da auga e do aire. Dado o crecemento proxectado da actividade económica, a taxa de perda da biodiversidade máis que estabilizarse é moi posible que aumente”.

http://www.uc3m.es/portal/page/portal/dpto_ciencia_pol_soc/ceicag/problemas_globales/disminucion_biodiversidad

Se nós quixéramos dividir o mundo tendo en conta o **estado de saúde ambiental**, atoparíamos que este é óptimo nalgúns países como Madagascar ou Costa Rica, é dicir, que **a riqueza biolóxica está maiormente nos países pobres**. Estes espazos naturais están enormemente ameazados, como por exemplo a selva amazónica, que conta con diversas ameazas de deforestación, a causa do desenvolvemento de certos xigantes madeiros e gandeiros. Vivimos unha época de crise ambiental, é dicir, os países ricos temos contraída unha débeda ecolóxica cos países pobres.

1.4. Indicadores globais

Na economía clásica é habitual utilizar a renda por habitante ou PIB dun país para medir o seu grao de *riqueza* e *desenvolvemento*, como se estes termos fosen sinónimos. Pero riqueza e desenvolvemento non teñen por que ser sinónimos, como veremos nos indicadores globais que traballaremos neste apartado

1.4.1. IDH

Desde 1990 a ONU a través do PNUD (Programa das Nacións Unidas) no que se aplican as ideas de Amartya Sen, elabora o Índice de Desenvolvemento Humano que, ademais dos ingresos medios por habitante, contempla varios aspectos sociais para avaliar o nivel de desenvolvemento dun país, tales como educación, saúde e nivel adquisitivo en diñeiro que corresponderían a cada cidadán se se distribuía equitativamente.




a) A partir deste gráfico di:

- Que aspectos da realidade pretende medir este indicador?
- Que indicadores numéricos utiliza o IDH para facelo?

Componentes del Índice de Desarrollo Humano

El IDH: las tres dimensiones y los cuatro indicadores





b) No seguinte exemplo explícase como se calcula o IDH

Para calcular o IDH partimos duns valores mínimos e máximos que se lle dan a cada variable:

Esperanza de vida: 85 e 25 anos

Taxa de alfabetización de persoas adultas: 100 e 0%

Taxa bruta de matriculación escolar: 100 e 0%

PIB per capita: 40.000 y 100 \$US

A continuación, réstaselle o valor mínimo e divídese polo valor máximo menos o valor mínimo que pode tomar esa variable.

Exemplo: País “X”

Esperanza de vida: 70 anos= $(70-25)/(85-25)$

Taxa alfabetización adultos: 95%= $(95-0)/(100-0)$

Ingreso per cápita PIB: US 3.000 dólares= $(3000-100)/(40.000-100)$

Taxa de matrícula adulta: 80%= $(80-0)/(100-0)$

Calcula o IDH do país X (o resultado será o promedio destes catro indicadores).



c) Sabemos que o valor máximo de desenvolvemento é 1 (é dicir, que un país completamente desenvolvido sería 1) e que os países son clasificados por a PNUD, segundo o seu IDH, da seguinte maneira:

Con desenvolvemento humano moi alto: máis de 0,900

Con desenvolvemento humano alto: máis de 0,800 e menos de 0,900

Con desenvolvemento humano medio: máis de 0,500 e menos de 0,800

Con desenvolvemento humano baixo: menor a 0,500

Busca un mapamundi do IDH e interprétao desde este punto de vista.



d) O resumo do último informe do IDH é o seguinte fragmento. Que tendencia novedosa resaltas nel? <http://hdr.undp.org/es/>

O Informe sobre Desenvolvemento Humano 2013 *examinará o profundo cambio que están experimentando as dinámicas globais co rápido ascenso de poderes dos países en desenvolvemento e a importante implicación deste fenómeno para o desenvolvemento humano.*

China xa superou a Xapón como segunda economía mundial, sacando ao mesmo tempo a millóns de persoas da pobreza. India traballa activamente para reformular o seu futuro coa nova creatividade empresarial e as innovacións en políticas sociais. Brasil converteuse nun impulsor esencial do crecemento de Sudamérica, mentres que a redución das desigualdades no país a través de programas contra a pobreza que se emulan en todo o mundo.



e) Visita o seguinte enlace :

<http://hdr.undp.org/es/estadisticas/idh/>

- Que é o IDH axustado pola Desigualdade?
- Que países son os menos e os máis desiguais?

1.4.2. GII (Índice de Desigualdade de Xénero)

O Índice de Desigualdade de Xénero pretende medir a posición que ocupan as mulleres nas diferentes sociedades, pois considera que unha sociedade máis desenvolvida, coincide cunha sociedade máis igualitaria entre homes e mulleres. Para isto, os patróns que vai utilizar son a saúde reprodutiva, o traballo e o nivel de empoderamento.




a) A partir deste gráfico di:

- Que aspectos da realidade pretende medir este indicador e que significa cada un deles?
- Que indicadores numéricos utiliza o GII para **medilos**?

Componentes del Índice de Desigualdad de Género

IDG: tres dimensiones y cinco indicadores



Nota: el tamaño de los recuadros refleja las ponderaciones relativas de indicadores y dimensiones.

Fuente: HIDRO.

1.4.3. Os valores cuantitativos e cualitativos. Algúns exemplos:


Ata aquí analizamos indicadores cuantificables, que se poden converter en números: absolutos ou relativos. En unidades monetarias ou en unidades físicas, pero sempre medibles. Na realidade non todo pode ser convertido a números. Algunhas “cousas” son inconmensurables. Reparemos nalgúnhas propostas que inciden na importancia do cualitativo



1. O VALOR DO MEDIO AMBIENTE

Existen moitas propostas que matizan o valor da riqueza monetaria poñéndoa en relación co medioambiente. Os ecosistemas préstannos servizos de forma gratuíta e ademais non teñen quen os represente nos mercados. Unicamente os pobos indíxenas que viven absolutamente integrados e dependendo da propia existencia da nai terra, entenden que esta é superior ao ser humano.

No seguinte esquema de **Jose Manuel Naredo**, fáisenos reflexionar sobre os límites nos que se pode mover a Economía. O cadro máis pequeno é o marco de valores nos que se move a economía tradicional. Esta é a información que a cotío se recolle nas páxinas de economía dos xornais e á que se refiren habitualmente as noticias económicas sobre un país ou un momento. O cadro máis grande fai referencia ao que Linneo chamaba *economía da natureza*, na que todo o creado era útil en canto que necesario para a nosa existencia.




a) Tendo en conta este esquema:

- A partir dos recursos pesqueiros vai poñendo exemplos que se incluírían en cada un destes cadros.
- Unha mala xestión dun ben común, como poden ser os recursos pesqueiros (*ben fondo*) pode provocar a súa destrución. É posible cuantificar este recurso e a súa evolución, manténdonos dentro do marco da economía tradicional? Por que?

2. O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Como vemos no seguinte esquema, na linguaxe do desenvolvemento sostible é moi importante a consideración de valores económicos, culturais e de subsistencia das poboacións, ademais dos valores crematísticos (monetarios).



A partir do que ves neste esquema:

- Invéntate unha definición de desenvolvemento sostible
- Define as interseccións: *soportable*, *equitativo* e *viable*.
- Relaciona este esquema co anterior:
- As tres esferas están representadas?
- Ves correcto que as tres esferas teñan o mesmo tamaño?

3. A FELICIDADE INTERIOR BRUTA (FIB)



El reino que quiso medir la felicidad, El País, 29 NOV 2009

http://elpais.com/diario/2009/11/29/eps/1259479614_850215.html

El concepto butanés de la felicidad interior bruta se sostiene sobre cuatro pilares, que deben inspirar cada política del Gobierno. Los pilares son: 1. Un desarrollo socioeconómico sostenible y equitativo. 2. La preservación y promoción de la cultura. 3. La conservación del medio ambiente. 4. El buen gobierno. Para llevarlo a la práctica, el cuarto rey creó en 2008 una nueva estructura institucional al servicio de esta filosofía, con una comisión nacional de FIB y una serie de comités a nivel local.

Lo que medimos afecta a lo que hacemos. Si nuestros indicadores sólo miden cuánto producimos, nuestras acciones tenderán sólo a producir más. Por eso había que convertir la FIB de una filosofía a un sistema métrico. Y eso es lo que encomendó el cuarto rey al Centro de Estudios Butaneses, que años después ha dado con un índice para medir la felicidad.

La materia prima es un cuestionario que responderán los ciudadanos butaneses cada dos años. La primera encuesta se realizó entre diciembre de 2007 y marzo de 2008. Un total de 950 ciudadanos de todo el país respondieron a un cuestionario con 180 preguntas agrupadas en nueve dimensiones:

- 1. Bienestar psicológico. 2. Uso del tiempo.*
- 3. Vitalidad de la comunidad. 4. Cultura.*
- 5. Salud. 6. Educación. 7. Diversidad medioambiental. 8. Nivel de vida. 9. Gobierno.*

Éstas son algunas preguntas del cuestionario: "Definiría su vida como: a) Muy estresante, b) Algo estresante, c) Nada estresante, d) No lo sé". "¿Ha perdido mucho sueño por sus preocupaciones?". "¿Ha percibido cambios en el último año en el diseño arquitectónico de las casas de Bután?". "¿En su opinión, cómo de independientes son nuestros tribunales?". "¿En el último mes, con qué frecuencia socializó con sus vecinos?". "¿Cuenta usted cuentos tradicionales a sus hijos?".

Una vez procesada la información de las encuestas, se determina en qué medida cada hogar ha alcanzado la suficiencia en cada una de las nueve dimensiones, estableciendo unos valores de corte. A cada indicador en el que un hogar ha alcanzado o superado el valor de corte se le atribuye un cero. Cuando el encuestado no ha llegado al valor de corte en un indicador, se le resta el resultado al valor de corte y se divide la resta por el propio valor de corte. Por ejemplo, si el límite de la pobreza es 8 y el encuestado ha alcanzado 6, el resultado es $(8-6) / 8 = 0,25$.

Entonces, ¿cómo se determina quién es feliz? **Es feliz aquella persona que ha alcanzado el nivel de suficiencia en cada una de las nueve dimensiones (0)**. ¿Y cómo se determina la felicidad interior bruta? $FIB = 1 - (\text{la media del cuadrado de las distancias respecto a los valores de corte})$.

Ya tenemos, pues, el valor de la felicidad. Pero es sólo eso, un número. El siguiente paso es comparar la FIB de los diferentes distritos. Compararla a lo largo del tiempo. Descomponer el índice por dimensiones, por géneros, por ocupaciones, grupos de edades, etcétera. Y así, la FIB puede utilizarse como un instrumento para orientar políticas.

A partir deste fragmento sobre o FIB responde:

- Cales son os catro aspectos que pretende medir este indicador?
- Na enquisa que se utiliza para a medición, as preguntas aparecen clasificadas en nove apartados. Tomando como referencia as que aquí aparecen (mellor le o artigo completo) fai dúas preguntas para medir cada apartado.
- Como manexan a variable *tempo*? Por que é tan importante ter en conta a evolución das variables?
- Os países occidentais creceron moitísimo nas últimas décadas. Pensas que este crecemento foi acompañado dun mellor nivel de vida? E este nivel de vida foi acompañado dun incremento da felicidade?

Caderno 2 (índice orientativo)

| | |
|--|---|
| BLOQUE 4: Os axentes económicos e os mercados | 4.1. As economías domésticas 4.2. As empresas 4.3. O Estado 4.4. Os intermediarios financeiros 4.5. Os mercados |
| BLOQUE 5: O diñeiro e a aparición da Banca | 5.1. Do troco ao diñeiro. Os metais e as primeiras moedas 5.2. O diñeiro papel. Banqueiros e cambistas xudeos 5.3. O diñeiro fiduciario. Os Bancos centrais 5.4. O patrón ouro, o patrón dólar e o fin da convertibilidade |
| BLOQUE 6: O sistema económico | 6.1. Os mercados de valores. As burbullas especulativas 6.2. O crac do 29 6.3. a crise <i>subprime</i> e a recesión económica 6.4. os tres pisos da economía |